



BOLETÍN RSU XUÑO 2021

UNIVERSIDADE DE VIGO.

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS



Alumnado de Educación Primaria reflexiona nunha serie de vídeos sobre os efectos desta industria



O mecánico José Luis Barros informou aos participantes sobre diferentes axustes e arranxos



O investigador Mario Pansera

CAL É O IMPACTO SOCIAL E AMBIENTAL DUNHA CAMISETA?

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 01/06/2021

Cal é o impacto social e ambiental da túa camiseta? Esa é a pregunta á que estudantes do Grao en Educación Primaria achegan múltiples respostas nunha serie de vídeos divulgativos que desenvolveron no marco da materia *Educación ambiental para o desenvolvemento* e que difunden a través da rede. Inserida nun proxecto de innovación educativa centrado nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), esta iniciativa buscaba sensibilizar aos futuros e futuras docentes das “consecuencias da *fast fashion*”, a través dunha reflexión centrada “nos actos cotiás da nosa vida, como a compra dunha simple camiseta”. [+info](#).

O GREEN CAMPUS REIVINDICA A BICICLETA COMO UN MEDIO DE TRANSPORTE SAUDABLE E SOSTIBLE

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 03/06/2021

Promover entre a comunidade universitaria hábitos saudables e fomentar a súa concienciación ambiental forman parte dos obxectivos do programa Green Campus, polo que Pontevedra foi o primeiro campus de España recoñecido coa bandeira verde que outorga a Foundation for Environmental Education (FEE) polo labor en materia de educación e xestión ambiental. No marco deste programa, o campus sumouse este xoves á conmemoración do Día Internacional da Bicicleta cunha actividade na que contou coa colaboración do Grupo Deportivo Supermercados Froiz. [+info](#).

INSTITUCIÓNS DE EUROPA E ÁFRICA ANALIZARÁN COMO FACER SOCIALMENTE XUSTA A TRANSICIÓN CARA A ECONOMÍA CIRCULAR

DUVI PONTEVEDRA 04/06/2021

Como promover unha transición cara unha economía circular que, ademais de contribuír a conservación dos ecosistemas, sexa tamén socialmente xusta? Esta é a pregunta á que, ao longo dos próximos tres anos, buscará dar resposta o proxecto JUST2CE. *A just transition of circular economy*, financiado con 3,6 millóns de euros polo programa comunitario H2020 e liderado polo investigador Mario Pansera, que a comezos deste ano se incorporaba á UVigo como gañador dunha axuda Starting Grant do Consello Europeo de Investigación (ERC). [+info](#).



A XIV Semana da recollida de RAEEs terá lugar do 7 ao 11 de xuño



Varela, Velázquez e Reigosa interviron neste acto virtual



A pedagoga do Centro de Recursos Educativos da ONCE, Pilar Carballo

NOVA CITA COA RECICLAXE DE APARELLOS ELECTRÓNICOS

DUVI PONTEVEDRA 04/06/2021

Concienciar á comunidade universitaria da importancia que ten, polo carácter contaminante dalgún dos seu compoñentes, un adecuado tratamento dos Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos (RAEEs) é un dos obxectivos do programa Green Campus, que promove cada curso unha serie de semanas de recollida destes aparellos. A décimo cuarta edición desta iniciativa terá lugar entre o vindeiro luns 7 e o venres 11. [+info](#).

DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA POTENCIA A SÚA COOPERACIÓN CO CENTRO LATINOAMERICANO DE ADMINISTRACIÓN PARA EL DESARROLLO

DUVI PONTEVEDRA 08/06/2021

Creado en 1972, a iniciativa dos gobernos de México, Perú e Venezuela, o [Centro Latinoamericano de Administración para el Desarrollo \(CLAD\)](#) é un organismo público internacional de carácter intergubernamental, con presenza en máis de 20 países, que ten como obxectivo contribuir á modernización das administracións públicas a través da análise e o intercambio de experiencias. Co “obxectivo de iniciar un proceso de cooperación institucional internacional e de dimensión atlántica desde o campus de Pontevedra”, a Universidade de Vigo asinaba recentemente un convenio de cooperación educativa con este organismo con sede en Caracas. [+info](#).

UNHA TESE DÁ VOZ A DOUS MOZOS CON DISCAPACIDADE VISUAL PARA PÓR DE RELEVO AS BARRERAS EDUCATIVAS ÁS QUE SE ENFRONTAN

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 09/06/2021

Dar voz ás persoas con discapacidade visual para comprender mellor a súa realidade, para denunciar as barreiras ás que teñen que facer fronte na súa etapa formativa, “dentro e fóra da escola”. Esta foi a idea que levou a Pilar Carballo, pedagoga do Centro de Recursos Educativos (CRE) da ONCE en Pontevedra, a desenvolver un “estudo biográfico-narrativo” de dous estudantes con cegueira para a súa tese de doutoramento. Nela, constrúe as “historias de vida” destes dous alumnos, sumando ao seu relato o dos seus familiares, amigos e docentes. [+info](#).



Cada vez hai menos mulleres nas titulacións tecnolóxicas, que serán as máis demandadas no mercado laboral

INSPIRA STEAM ACHEGOU REFERENTES DE MULLERES TECNÓLOGAS A 1000 NENOS E NENAS DE 26 COLEXIOS DE PONTEVEDRA

M. DEL RÍO DUVI 09/06/2021

O mercado laboral vai demandar perfís fundamentalmente tecnolóxicos e estímase que, en menos de dous anos, o 45% dos empregos estarán relacionados coa contorna dixital. Pola contra, a presenza de mulleres neste tipo de titulacións decrece cada ano e, a pesar de representar o 54,8% do total do estudiantado no sistema universitario español, supoñen só o 25% do alumnado das titulacións técnicas. Detrás da escasa presenza de mozas nestas carreiras hai múltiples motivos, entre eles a falta de referentes femininos, que é o que quere proporcionar o programa [Inspira STEAM](#). [+info.](#)



O reitor da UVigo, a secretaria xeral de Igualdade, o reitor da USC e o reitor da UdC

250 EXPERTAS ANALIZAN COMO A COVID-19 FREOU OS AVANCES A PROL DA IGUALDADE REAL

M. DEL RÍO DUVI 10/06/2021

Tras un ano de parón pola pandemia, as tres universidades galegas retoman dende hoxe a [Xornada Universitaria Galega en Xénero](#), un cita que naceu en 2013 como un punto de encontro e reflexión anual para o persoal docente e investigador que traballa con perspectiva de xénero, “un evento único no estado español e unha fortaleza para a sociedade galega”, como recalcan as súas organizadoras, as unidades de igualdade da UVigo, a USC e a UdC. [+info.](#)



Participantes nunha das estadias do proxecto previas á covid-19. Foto: Lapassion

ESTUDANTES DO CAMPUS REALIZARÁN PROXECTOS A PROL DA INCLUSIÓN XUNTO A ALUMNOS DE DIFERENTES PAÍSES

DUVI PONTEVEDRA 10/06/2021

A Universidade de Vigo, a través do Campus Crea, é un dos 15 socios do proxecto europeo *Lapassion (Latin America Practices and Soft Skills for an Innovation Oriented Network)*, que ten como obxectivo dotar ao alumnado de competencias transversais a través da súa participación, xunto a estudantes de diferentes países e áreas de coñecemento, en proxectos multidisciplinares que traten de xerar melloras para a comunidade na que se desenvolven. [+info.](#)



O primeiro panel contou coa intervención en liña, de Antón Costas e M^a Emilia Casas

OS CAMBIOS CARA UNHA ECONOMÍA SOSTIBLE E VERDE FAN NECESARIA UNHA REFORMA GLOBAL DO MERCADO DE TRABALLO

D. BESADÍO DUVI 10/06/2021

Os cambios cara unha economía sostible e verde, cada vez máis robotizada, teñen, e terán cada vez máis, consecuencias no terreo laboral, por iso debe loitarse por unha reforma global do ordenamento laboral e empresarial que permita que non todo ese coste, ou a maior parte del, recaia na parte máis débil do sistema, as e os traballadores. Estudantes universitarios, investigadores, profesionais do sector e público en xeral están a participar este xoves e venres na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo no Congreso Internacional *Retos para un mercado de traballo equitativo no contexto dunha economía competitiva, social e medioambientalmente sostible*. [+info.](#)



INVESTIGADORES DO CIM AVANZAN NA MELLORA DOS SISTEMAS DE ALIMENTACIÓN DOS PEIXES EN ACUICULTURA

DUVI 11/06/2021


O grupo de investigación de Fisioloxía dos Peixes e a súa aplicación á acuicultura (PHYStoFISH) do Centro de Investigación Mariña leva décadas traballando en numerosos proxectos de investigación para a mellora do coñecemento sobre os mecanismos implicados no control da inxesta de alimento en peixes. Este é un dos grandes desafíos da acuicultura, xa que a alimentación na produción piscícola ten un alto custe económico e un elevado impacto económico e ambiental, xerado polo alimento non inxerido. [+info.](#)



CINCO OBRADOIROS PARA EMPREGARTE

DUVI 11/06/2021

Como e onde buscar traballo; a carta de presentación e o currículo vitae; o traballo en Europa e o proceso de selección, son algunhas das cuestións que entre os días 16 e 18 de xuño se tratarán nos cinco obradoiros gratuítos que ofrece a Área de Emprego e Emprendemento ao alumnado, así como a recén tituladas e titulados da Universidade de Vigo. Cinco obradoiros gratuítos, de dúas horas presenciais e 3,5 non presenciais de duración cada un, compoñen o curso modular EMPREGarte. [+info.](#)



Xanel Vecino traballando no laboratorio

NOVOS AVANCES NA CONSECUCIÓN DE PRODUTOS 'BIO' DE ALTO VALOR INDUSTRIAL A PARTIR DE RESIDUOS AGRARIOS

D. BESADÍO DUVI 14/06/2021

O grupo de investigación de Enxeñaría Química 10 (EQ 10) da Universidade de Vigo leva anos estudando como converter os residuos agrarios en produtos de alto valor industrial susceptibles de ser aplicados en farmacia, cosmética ou medio ambiente. Froito deste traballo conseguiron xa múltiples avances, sobre todo no campo dos biosurfactantes, moléculas de orixe biolóxico e excelente compatibilidade ambiental con múltiples aplicacións na industria química, alimentaria cosmética e farmacéutica, e agora acaban de pór en marcha un novo proxecto co que pretenden optimizar, mediante procesos máis amigables co medio ambiente e sen xerar ningún tipo de residuo, o proceso habitual de recuperación, separación e purificación destas moléculas. [+info.](#)



Punto de recollida na Facultade de Fisioterapia

AS SEMANAS DE RECOLLIDA DE RAEEs PERMITEN REUNIR PRETO DE 250 APARELLOS

DUVI PONTEVEDRA 15/06/2021

Numerosos compoñentes electrónicos, cables, periféricos de ordenador, cargadores e transformadores, 22 ordenadores, 18 teclados, 13 impresoras, 12 altosfalantes... As dúas edicións da Semana de Recollidas de RAEEs (Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos) desenvolvidas no presente curso no campus permitiron reunir preto de 250 aparellos e compoñentes nos puntos de recollida habilitados nas diferentes facultades e escolas. [+info.](#)



Punto de recollida na Facultade de Fisioterapia

INVESTIGADORES DOS TRES CAMPUS CONTRIBUIRÁN Á PREVENCIÓN DOS GRANDES LUMES FORESTAIS NA FRONTEIRA ENTRE ESPAÑA E PORTUGAL

DUVI PONTEVEDRA 17/06/2021

Contribuír, nun escenario de cambio climático global, á prevención dos grandes incendios forestais e á xestión dos espazos susceptibles de sufrilos en diferentes áreas rurais ao longo da fronteira entre España e Portugal. Ese é obxectivo central de Firepoptep, un proxecto seleccionado na convocatoria [Interreg V A España-Portugal](#) e coordinado pola Junta de Andalucía, no que participan 21 institucións de España e Portugal, entre as que se atopa a Universidade de Vigo. [+info.](#)



Noelia López, Ricardo Fra, José María Cancela e Lucía Saborido

UNIVERSIDADE E SECTOR EMPRESARIAL COLABORAN NO FOMENTO DUN “NOVO MODELO DE CIDADOS” NOS CENTROS DE MAIORES

DUVI PONTEVEDRA 17/06/2021

Fomentar a investigación, a innovación e a formación no ámbito do sector sociosanitario orientado ás persoas maiores é o obxectivo central da Cátedra ACP-Innova. *Hacia el nuevo modelo de cuidados*, que promoven a Universidade de Vigo e as empresas Saraiva, Activiza e Envita. A través do desenvolvemento de investigacións e intervencións en centros de maiores e da formación e a innovación neste sector, esta iniciativa buscará contribuír a “mellorar o modelo que levan a cabo os diferentes centros sociosanitarios, para mellorar o estado físico e psíquico e a calidade vida desta poboación”. [+info.](#)

ENXEÑARÍA INFORMÁTICA A COLLERÁ UN CAMPAMENTO TECNOLÓXICO PARA RAPAZAS

DUVI OURENSE 18/06/2021

Do 28 ao 30 de xuño a Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense celebrará un campamento tecnolóxico destinado a promover a vocación tecnolóxica entre as rapazas e contribuír así a rachar a fenda de xénero que existe á hora de elixir carreiras TIC. A iniciativa terá lugar nas tres universidades galegas no marco do proxecto Mática, do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia e Amtega. [+info.](#)



Promovendo a vocación tecnolóxica entre as rapazas

Cartaz da actividade.


REPRESENTANTES DO MUNDO ACADÉMICO, EMPRESARIAL E SINDICAL ANALIZAN O AUXE DAS TIC E OS SEUS EFECTOS NO EIDO LABORAL

DUVI 18/06/2021

Automatización de procesos, dixitalización, virtualidade, teletraballo... o tecido produtivo, e consecuentemente o mercado laboral, está a mudar polo impacto que nel teñen as TIC, unha sucesións de transformacións que semellan van confluír nun cambio de paradigma. Para analizar o impacto deste proceso no eido laboral, a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo acolleu este venres unhas xornadas organizada polas profesoras Emma Rodríguez e Belén Fernández, da Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. [+info.](#)



Nunha xornada celebrada este venres na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.



A alimentación saudable é unha das temáticas centrais.



Gloria Caballero e María Jesús López Miguens, autoras do estudo

FROITAS EN ZAPATILLAS DEPORTIVAS PARA PROMOVER HÁBITOS SAUDABLES NA INFANCIA E MOCIDADE

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 21/06/2021

Froitas con zapatillas deportivas e que lembran a importancia dunha alimentación variada e equilibrada, personaxes con forma de pinga que inciden na necesidade de inxerir entre catro e seis vasos de auga ao día e figuras que representan pantallas e que reclaman un consumo responsable dos dispositivos tecnolóxicos... As investigadoras do grupo Remoss da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte Cristina Varela e Begoña Paz, xunto coa asociación Paspallás, achegaron esta serie de personaxes ata as paredes do servizo de consultas externas infantís do Hospital Naval de Ferrol. [+info.](#)

O PROXECTO EUROPEO LABPLAS, LIDERADO POLA UVIGO, RASTREXARÁ A PROCEDENCIA DO PLÁSTICO PRESENTE NO MEDIO AMBIENTE

DUVI 21/06/2021

Nos últimos anos desenvolvéronse multitude de proxectos de investigación centrados en avaliar a presenza no medio mariño de plásticos e microplásticos e o impacto que xeran dende un punto de vista ambiental. Pero o 80% desas partículas que están nos mares e océanos do planeta teñen unha orixe terrestre, motivo polo que resulta imprescindible unha abordaxe ampla e multidisciplinar do problema, que é a que propón o proxecto LabPlas, seleccionado na convocatoria europea H2020 e coordinado pola Universidade de Vigo. [+info.](#)

EN TEMPOS DE COVID-19 AS EMPRESAS BUSCAN, ANTE TODO, PROFESIONAIS “RESPONSABLES, MOTIVADOS E COMPROMETIDOS”

D. BESADÍO DUVI 21/06/2021

En tempos de covid-19 as empresas buscan, ante todo, profesionais responsables, moi motivados e comprometidos coa consecución de resultados. Así se amosa no último *Barómetro de Empregabilidade da Universidade de Vigo*, un estudo editado polo Consello Social no que se reflexiona sobre as competencias que máis demandan os empregadores tras o xurdimento da pandemia e no que se analiza en detalle como modificou a crise sanitaria a actitude do empresariado á hora de seleccionar o seu persoal. [+info.](#)



Un dos postos expositivos da edición de 2019

PONT-UP STORE ABRE UN PRAZO EXTRAORDINARIO PARA EMPRESAS NACIDAS DURANTE A PANDEMIA

DUVI PONTEVEDRA 21/06/2021

A covid-19 impediu o pasado ano que o Pont-Up Store, o encontro do emprendemento que a Universidade de Vigo promove co Concellaría de Promoción Económica como patrocinador principal, desenvolvese o seu programa de actividades presenciais, entre as que figuraba a instalación na praza de España dunha carpa na que 36 novas empresas galegas ían dar a coñecer os seus produtos e servizos. Finalmente, poderán facelo os días 24 e 25 de setembro, nunha nova edición do evento que coordina o grupo de investigación G4+, da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. [+info](#).



Foto de Samuel Alves Rosa
(Freeimages.com)

MÁIS SECAS, MÁIS CONTAMINACIÓN, MÁIS MORTALIDADE

DUVI OURENSE 24/06/2021

Na súa tese de doutoramento, Coral Salvador, investigadora do Grupo Ephylab (Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo) abordou “por primeira vez en Europa, e en particular sobre a península ibérica, os efectos das secas na mortalidade diaria por causas naturais, causas circulatorias e respiratorias”. Entre os resultados obtidos sinalase que, en xeral, o impacto destes eventos na mortalidade explicouse principalmente polo seu efecto no aumento da contaminación e as ondas de calor e que particularmente en España, no período estudado (2000-2009), observouse unha maior incidencia sobre os decesos por causas respiratorias. [+info](#).



A PROFESORA SOLEDAD TORRES DESENVOLVE A PRIMEIRA ASISTENCIA DIXITAL GALEGA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

REBECA LÓPEZ VILLAR DUVI 22/06/2021

Nun mundo cada vez máis dixitalizado, xa hai tempo que naceron os sistemas de asistencia, deseñados para facilitar a experiencia virtual das usuarias e usuarios. Empregando intelixencia artificial, este tipo de software combina referencias históricas, datos de navegación, preferencias e informacións variadas para simular conversas coas persoas que o empregan, solucionar as súas dúbidas e realizar tarefas diversas. [+info](#).



UVigo e a Deputación de Pontevedra presentaron as novidades e fixeron balance da cátedra

UN OBSERVATORIO DE MACHISMO DIXITAL E UN LABORATORIO DE IDEAS REFORZARÁN A CÁTEDRA DE FEMINISMOS 4.0

M^a DEL CARMEN ECHEVARRÍA FIGUEROA DUVI 23/06/2021

A posta en marcha dun observatorio de machismo dixital *Stop Machitroles*, e dun laboratorio de ideas son as principais novidades que a Cátedra de Feminismos 4.0 impulsará cando acada os tres primeiros anos de existencia. O reitor da UVigo, Manuel Reigosa, e a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, presentaron hoxe na sede do organismo provincial en Vigo as novas accións que a cátedra desenvolverá, así como as actividades máis salientables desenvolvidas durante os últimos meses. [+info](#).



O simposio desenvólvese cada dous anos no Mosteiro de Poio

PRETO DE 300 DOCENTES ANALIZARÁN OS EFECTOS DA COVID-19 NAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS


DUVI PONTEVEDRA 24/06/2021

As prácticas, curriculares e extracurriculares, que o alumnado universitario realiza en empresas, institucións e outra serie de entidades co obxectivo de completar a súa formación constitúen, desde 1987, o eixo de análise do Symposium Internacional sobre o Prácticum e as Prácticas Externas, un evento de carácter bienal que ten como sede o Mosteiro de Poio. [+info](#).

INVESTIGACIÓN AO SERVIZO DAS NECESIDADES COMUNICATIVAS DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO XORDAS, INMIGRANTES E REFUXIADAS

M^a DEL CARMEN ECHEVARRÍA FIGUEROA DUVI 24/06/2021

Dunha banda, mulleres vítimas de violencia de xénero, tanto xordas e xordocegas, como inmigrantes e refuxiadas, que non falan a lingua ou linguas do país no que se atopan, e doutra, intérpretes, profesionais da xustiza e outros axentes sociais que desenvolven o seu labor coas primeiras, son os dous colectivos nos que centra o seu traballo o proxecto Justisigns2. [+info](#).





A actividade desenvólvese no edificio Politécnico do campus

UN CAMPAMENTO PARA QUE ELAS DEIXEN DE SER SÓ O 12% DO ALUMNADO DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

DUVI OURENSE 28/06/2021

Menos dun 20% do alumnado de informática son mulleres. Concretamente, na Universidade de Vigo, as mulleres só constitúen un 12% do alumnado que este curso se matriculou no seu Grao de Enxeñaría Informática. Co obxectivo de contribuír a contrarrestar esta fenda de xénero á hora de elixir carreiras TIC, do 28 ao 30 de xuño a Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense acolle un campamento tecnolóxico para rapazas. A iniciativa ten lugar nas tres universidades galegas no marco do proxecto Mática, do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia e Amtega. [+info](#).

10



Os profesores Esther Pillado e Tomás Farto, integrantes do comité organizador

O ÁMBITO DO DEREITO DEMANDA "PREVENCIÓN E PROCESOS DE INTERVENCIÓN AXEITADOS" ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO EXERCIDA POR MENORES

D. BESADÍO DUVI 30/06/2021

Conscientes de que a violencia "iniciada e non freada" en idades temperás estenderase e perpetuarase nas relacións afectivas como adultos, especialistas de diferentes ámbitos do Dereito están a participar este mércores e xoves nun seminario internacional en liña sobre menores e violencia de xénero. Trátase, entre outros aspectos, de trasladar a "absoluta necesidade" de pór en marcha procesos de prevención na infancia e na adolescencia, así como de dotarse de instrumentos axeitados para identificar "con rapidez e eficacia" situacións complexas que poidan afectar aos menores de idade e, tras establecer os diagnósticos sociais pertinentes, implementar procesos de intervención adecuados. [+info](#).

UNIVERSIDADE DE VIGO

Unidade de Análisis e Programas.

Edificio Filomena Dato.

Planta Baixa.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689 986.818.640